



BEGOÑA CAAMAÑO

(1964, Vigo - 2014 Santiago de Compostela)

Letras Galegas 2026

Hai persoas que pasan polo mundo deixando pegada. Outras deixan algo máis difícil de explicar: deixan unha voz. A voz de Begoña Caamaño foi unha desas voces que non falaban só por si mesmas, senón tamén por quen non tiña oportunidade de facelo.

A súa historia comeza no barrio do Calvario de Vigo, un deses lugares nos que todo o mundo se coñece, nos que as veciñas se saúdan polo nome e onde a vida se constrúe entre portais, rúas e pequenas historias compartidas.

Alí medrou Begoña, aprendendo a **observar**, a **escotar** e a **entender** as persoas que a rodeaban.



De pequena xa amosaba unha personalidade difícil de esquecer: era rebelde, intrépida e moi imaxinativa. A curiosidade empuxábaa a facer preguntas e a mirar o mundo con ollos propios.



Por que nas grandes historias da humanidade, as mulleres case nunca teñan voz?

Cando chegou ao instituto, comezou a entender que moitas das cousas que se daban por normais precisaban ser cuestionadas. Naceu entón unha conciencia clara: o **feminismo** e **antimilitarismo** o convertéronse en parte da súa maneira de mirar o mundo.



Co paso do tempo chegou á **radio**. E alí, precisamente alí, a súa voz atopou o lugar perfecto. Para Begoña, o xornalismo non era só unha profesión: era unha ferramenta para combater as inxustizas e para dar luz a aquilo que moitas veces quedaba nas sombras.



Defendeu sempre a importancia de falar e escribir en **galego**, contribuindo á normalización da nosa lingua con compromiso.



Begoña tiña unha forte **conciencia social**. Participaba nas causas sociais, políticas e culturais que consideraba necesarias para mellorar a vida das persoas. Quen a coñeceu fala tamén do valor que lle daba á **amizade**, á complicidade, aos fíos invisibles que unen a vida das persoas.

Quizais por iso a súa voz segue aquí, lembrándonos algo importante: que as palabras poden cambiar as cousas e que, ás veces, unha súa voz pode abrir camiño para moitas máis.